



## CONVENIO INTRADMINISTRATIVO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA O REPARTO DE GASTOS POLO USO COMPARTIDO DAS INSTALACIÓNS DO EDIFICIO PRADO LONIA EN OURENSE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

Adela Quinzá-Torroja García, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral,

### DECLARA:

Que este Instituto formaliza coa Consellería do Medio Rural o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o reparto de gastos polo uso compartido do edificio do Issga en Ourense, con enderezo na rúa Villamil e Castro s/n, en Prado Lonia (Ourense).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e a Consellería do Medio Rural teñen adscrito un edificio situado na rúa Villamil e Castro s/n, en Prado Lonia (Ourense).

Mediante a Orde de 2 de marzo de 2015 da Consellería de Facenda adscribíense os espazos no edificio administrativo da rúa Villaamil e Castro de Ourense, coñecido como edificio Prado Lonia, e con esa mesma data asínase a acta de entrega dos espazos como consecuencia da dita adscrición nos seguintes termos:

- Planta baixa, ocupada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, cunha superficie de 770 metros cadrados e unha porcentaxe de ocupación do 49,77%.
- Primeira planta, ocupada polos servizos provinciais de Montes e de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Consellería do Medio Rural e do Mar, cunha superficie de 777 metros cadrados e unha porcentaxe de ocupación do 50,23%.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela, o 18 de outubro de 2017.